

a maiores

Programa de animación e desenvolvemento comunitario co colectivo de persoas maiores



PROGRAMA DE ACTIVIDADES


terceira idade

abril-maio-xuño

2017



Concello de Vedra
Servizos Sociais



Carlos Casares

LETRAS GALEGAS 2017

● ● ● sabías que...



Carlos Casares naceu en 1941 en Ourense e desde os 3 anos pasou a súa infancia en Xinzo de Limia. A súa vocación literaria empezouse a manifestar xa na adolescencia, cando gañou un premio que lle permitiu coñecer a Vicente Risco. Xa na etapa universitaria, na que se especializou en Filoloxía Románica en Santiago de Compostela, entrou en contacto co núcleo da cultura galega mentres continuaba a cultivar o seu perfil literario. En 1967 publicou a súa primeira obra, o libro de relatos *Vento ferido*, dentro da colección Illa Nova de Galaxia, e pouco despois converteuse nun pioneiro da literatura infantil en galego: en 1968 gañou co relato *A galiña azul* o I Concurso de Contos Infantís da Asociación Cultural O Facho e en 1973, o I Concurso de Teatro Infantil da mesma entidade con *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*.

En 1975, *Xoguetes para un tempo prohibido* reportoulle o Premio Galaxia e o Premio da Crítica de narrativa galega da Asociación Española de Críticos Literarios. Casares era xa a esa altura unha das voces emerxentes máis renovadoras e significativas da nosa narrativa, recoñecida en 1978 co seu ingreso na Real Academia Galega, onde foi o membro de número máis novo.

Nos anos da transición e do comezo da democracia, participou activamente na reivindicación autonómica e como parlamentario independente nas listas do PSdeG-PSOE traballou arreo para sacar adiante a Lei de Normalización Lingüística (1983). Rematada a primeira lexislatura da autonomía, centrou o seu traballo no eido cultural como director da editorial *Galaxia* (1986-2002) e da revista *Grial* (1988-2002) e, máis adiante, tamén como presidente do Consello da Cultura Galega (1996-2002).

Malia os seus múltiples compromisos, Casares non abandonou nunca a escrita e seguiu a publicar obras con moi boa acollida do público, como a colección de relatos *Os escuros soños de Clío* (1979), as novelas *Ilustrísima*, Premio da Crítica Galega de 1982; *Os mortos daquel verán* (1987), Premio Antón Losada Diéguez; e *Deus sentado nun sillón azul* (1996), Premio da Crítica Española de 1997 e finalista do Premio Nacional de Narrativa de 1998; ou *O sol de verán*, publicada postumamente en 2002 e Premio da Crítica dese ano.

Cómpre así mesmo salientar o seu labor como articulista en distintas cabeceiras, que chegou a contar cun amplísimo e fiel público e merecente dunha morea de distincións, entre eles os premios Fernández Latorre (1993) e Julio Camba (1995), e xa a título póstumo o Roberto Blanco Torres (2002, no ano do seu falecemento).

sabías que...

Amemos

Amemos

o tempo que turra de nós e que nos leva.
Inda que o ceo está azul e non hai nubes e non chove,
sempre é cedo
pra o froito que agardamos e non chega.

Amemos á rosa porque é breve
e ao tempo porque fuxe e non se para,
inda que á veira das horas, nas esquiñas,
morrán as verdades contra o vento
i a noite seña un recendo podrecido
das frores que chantamos pra salvarnos.

Amemos

as bocas que mancan ao bicalas,
aos pianos que medran e non tocan
e ás tardes fermosas que se acaban.

Amemos

inda que a espranza turre cara abaixo
a vencellarnos sempre contra nuncas
de campos sen aire e corazóns parados.

Carlos Casares(1941-2002)





● ● ● Centro Sociocultural da Terceira Idade de Vedra



* Horario do Centro:

De martes a domingo de 19:00 h. a 23:00 h.

Os luns o Centro tamén estará aberto pero non contará con servizo de cafetería.

Pechado o último domingo de cada mes e festivos.

● ● ● cursos

Ximnasia de maiores:

- - - - -os luns e mércores de 19:00 a 20:00 h.

Obradoiro de traballo corporal:

- - - - -os martes de 19:30 a 20:30 h.

Obradoiro de memoria:

- - - - -os xoves de 17:00 a 18:30 h.

Canto-Coral: (búscanse novos compoñentes para a coral)

- - - - -os venres de 19:30 a 21:00 h.

Obradoiro de punto e ganchillo (Gratuito):

- - -os martes, mércores e xoves de 17:00 a 20:00 h.

Obradoiro de pintura en roupa (Gratuito):

- - -os sábados de 18:00 a 20:00 h.

Bailoterapia:

- - -os xoves de 19:00 a 20:00 h. durante os meses de abril, maio e xuño. Prezo: 15 € (o trimestre)

* Realizar inscrición e pago!

cursos—o centro



●●● abril



Obradoiro de "flores con medias" (nylon)

- - - - -Os martes 18 e 25 de abril e 2 de maio. Gratuito
(de 20:30 a 21:30 h.)

Circuíto Termal nas Termas de Outariz

- - - - -Mércores 19 de abril.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal ;prazas limitadas) Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso.

(O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o 8 de abril no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaranse por orde de inscrición)

Bingo

- - - - -Xoves 20 de abril ás 20:00 h.

"Festa da Pascua"

Obradoiro de doces de pascua e baile co acordeonista Juan Ruibal

"Torrijas", tortilla doce, buñuelos, rosca....

- - - - -Domingo 23 de abril ás 19:00 h.

Excursión a Medina de Rioseco, Valladolid, Dueñas, Palencia, Toro ...

- - - - - os días 27, 28, 29 e 30 de abril

Prezo: 195 € (Inclúe: transporte, pensión completa, servizo de guía e seguro de viaxe) - prazas limitadas - aberta a tódolos interesados.

(O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o 8 de abril. As prazas e número de asento adxudicaranse por orde de inscrición)

actividades



● ● ● maio



Campionato de "BRISCA"

- - - - -Os martes, mércores e xoves a partir das 20:30 h.
Equipos de 3 persoas. Inscripción na cafetería

Bingo

- - - - -Xoves 11 de maio ás 20:00 h.

Música nas Letras Galegas

- - - - -Domingo 21 de maio ás 20:00 h.
Actuación do Grupo Folk ASCUAS

Circuíto Termal nas Termas de Outariz

- - - - -Mércores 24 de maio

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e visita.

(O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o 6 de maio no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaranse por orde de inscrición)

XXVII Romaría da Terceira Idade

- - - - -Sábado 27 de maio a partir das 12:30 h. en Vedra

Programa: Misa, actuación, xantar...

Para asistir á romaría é preciso retirar un ticket que ten un custe de 10 €/participante. Para a retirada de tickets dirixirse ó Centro da 3ª Idade, de martes a domingo, de 19:00 a 22:00 h. O prazo estará aberto desde o 6 ata o 24 de maio.

*"Abril esfolo,
pero maio amola"*

actividades



●●● xuño



Excursión á Cañiza “Romaría-Santuario de Santa María da Franqueira”

- - - - -Luns 5 de xuño

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e visitas)

Programa: pola mañá romaría e pola tarde visitas a lugares de interese da zona...

(O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o 20 de maio. As inscricións realizaranse única e exclusivamente no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaranse por orde de inscrición—prazas limitadas)

Bingo especial de verán

- - - - -Xoves 8 de xuño ás 20:00 h.

Baile-Sardiñada de San Xoán

- - - - -Venres 16 de xuño

ás 18:00 h. Xogos Populares, ás 20:00 h. Sardiñada

Para asistir á sardiñada é preciso retirar un ticket que ten un custe de 5 €/ participante (Menú: sardiñas, churrasco e postre).

Para a retirada de tickets dirixirse ó Centro Social. O prazo estará aberto entre o 3 e o 15 de xuño.

Festival de fin de curso da Escola de Música de Vedra

- - - - -Sábado 24 e domingo 25 de xuño ás 18:00 h.

Clausura-fin de curso actividades do Centro Social

- - - - -Mércores 28 xuño ás 20:00 h.

actividades



Concello de Vedra
Servizos Sociais



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS:

Centro Sociocultural da Terceira Idade

Tfno: 981 502 024

Departamento de Servizos Sociais

Tfno: 981 814 693